



# PLAN DIXITAL

## C.E.I.P. Plurilingüe de Domaio

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

*CEIP Plurilingüe de Domaio*

*Rúa de Verdeal 23, 36950 Moaña, Pontevedra*

[ceip.domaio@edu.xunta.gal](mailto:ceip.domaio@edu.xunta.gal)    <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdomaio/>

*Centro de educación infantil e primaria, que consta de 112 alumnos e alumnas e 14 mestras e mestres.*

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe de Domaio é un centro rural dunha soa liña que está situado moi preto do mar e moi ben comunicado con grandes núcleos de poboación como pode ser o centro do propio concello de Moaña ou municipios moito máis grandes como Vigo. A taxa media por aula é de 18 alumnos/as e o nivel socioeconómico da poboación escolar apreciase de tipo medio, pero, nos últimos anos, neste entorno estanse deixando notar os efectos da crise económica que atravesamos o noso país.

O noso centro, que nos seus inicios fora de dobre liña, conta con aulas amplas para cada grupo e especialidade; ademais de distintos espazos comúns conservados con dedicación e interese que facilitan moito a labor docente.

Ademais, tamén pasamos no curso 2015/16 a formar parte dos centros Plurilingües de Galicia xa que como se recolle no Decreto 105/2014 o coñecemento de outras linguas contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística así como o respecto a diferentes persoas e culturas.

Xa que somos un centro que pretende educar acorde as necesidades sociais que nos rodean e en vista que a tecnoloxía é un pilar fundamental da realidade actual no mundo laboral, o plan dixital vai contribuir a que os nosos alumnos e alumnas podan acadar un bo nivel de competencia dixital. Cabe destacar, a implicación do centro en múltiples actividades e proxectos así como, dende o curso 2012/13 pertence a rede de centros Abalar e EDIXGAL. Traballamos coas propostas de DigiCraft da Fundación Vodafone e a Consellería. Tamén temos iniciación a robótica en primaria dende fai varios cursos. Para o vindeiro curso solicitamos a participación no programa "Polos Creativos". Tamén se debateu en Claustro participar no programa "Radio na escola" promovido pola Asesoría de bibliotecas Escolares.

As programacións do curso 2022-2023, estarán orientadas a consecución dunha competencia dixital acorde coa idade do alumnado, intentando acadar dita finalidade a través dun aula específica dixital, tecnolóxica e de experiencias creativas; onde repartiremos por quendas semanais a visita a mesma, favorecendo distintos proxectos e actividades que estableza cada titor ou titora na programación de aula.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Dende o ano 2006, coa aprobación da Lei Orgánica de Educación (LOE), e co respaldo actual LOMLOE, LEI ORGÁNICA 3/2020 POLA QUE SE MODIFICA A LOE, o noso sistema educativo ten un obxectivo fundamental: contribuír ao desenvolvemento das competencias nos nosos estudantes. Entre as devanditas competencias hai unha moi relacionada e que xustifica moi directamente a necesidade de dotar aos centros de medios e recursos dixitais, a competencia dixital.

As competencias representan os recursos cos que conta un estudante para manexarse na vida e resolver os problemas que se lle irán presentando. Recollen coñecementos, formas de actuar, sentimentos e actitudes en relación cun amplo número de asuntos.

A escola é a única institución con capacidade para axudar aos estudantes para que desenvolvan as súas competencias de xeito global e satisfactorio. A escola conta (ou debería contar) cos recursos, a experiencia, o persoal e as prácticas para un axeitado desenvolvemento das competencias.

Precisamente, para que a escola poida cumprir coa súa responsabilidade é fundamental que se vincule o que acontece na aula coa realidade fóra dela. As competencias non son unha aprendizaxe para a vida futura do estudante: necesítanse para o presente, xa que cada estudante, nun proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida, terá que ir readaptándoas e enriquecéndoas para resolver problemas cada vez máis complexos.

Así pois, a principal vía de desenvolvemento das competencias é a realización (na escola e dende a escola) de tarefas mediante as cales os estudantes poidan resolver problemas reais vinculados coas distintas materias do currículo. Para o desenvolvemento destas tarefas as TIC non poden ser optativas senón que han de estar integradas; de igual forma que hoxe para moitas das actividades que realizamos na nosa vida cotiá utilizamos as TIC (por exemplo, ao preparar as nosas vacacións: compramos un billete de avión, descubrimos o horario dun museo, coñecemos as previsións meteorolóxicas, participamos en foros con persoas que fixeron a mesma viaxe anteriormente, etc.), non ten sentido formular tarefas de ensino-aprendizaxe nas cales as TIC estean ausentes.

A necesidade do Plan, ademais dos motivos anteriormente exposto, recóllense na seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

A través dun PFPP, coa participación dos distintos membros do equipo TIC do centro e coa posta en común co claustro, e seguindo as indicacións dos asesores ADIX, fomos complementando os apartados deste proxecto. Un punto de referencia de este proxecto foi a análise DAFO que nos permite unha visualización global da información aportada polo equipo docente.

Os pasos a seguir foron:

1. Análise SELFIE.
2. TEST CDD.
3. Elaboración do Informe DAFO, a partir do SELFIE e test CDD.
4. Elaboración dos obxectivos do Plan de Acción, tendo en conta o establecido no informe DAFO.
5. Redacción do Plan Dixital.

As persoas encargadas da elaboración deste documento, foi o equipo TICS do Centro, composto por, e sempre transmitindo e tendo en conta a opinión do claustro de profesores e profesoras:

- Paula García González (directora)
- Estefanía Lemos Vázquez (coordinadora TIC)
- María Beatriz Sanmartín González
- María Guadalupe Villar Ferradás

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- INFRAESTRUTURA DIXITAL:

Dispoñemos de rede de alta velocidade de 300mb, servizo de teléfono móbil e fixo nos distintos departamentos de dirección do centro. Dispoñemos de cobertura de WIFI e cableada en todas as instalacións do centro.

- EQUIPAMENTO:

Somos centro abalar e E-Dixgal con dúas aulas dotadas con todo o material relativo a ese programa: equipos de alumnado, de profesorado, e-Dix, proxectores e carros de carga.

Aula de informática con 18 ordenadores operativos.

Biblioteca con 4 equipos a disposición do alumnado.

Equipo de biblioteca con impresora multifunción a cor.

5 libros dixitais.

Proxector en todas as aulas do centro, incluída biblioteca.

E-Dix na aula de informática, inglés e infantil.

Dispoñemos dunha fotocopiadora multifunción en branco e negro.

Temos operativos os servizos dixitais corporativos que facilitan a xestión docente (páxina web do centro, aula virtual, Agueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil,...).

Contamos cun servizo premium para Abalar e eDIXGAL ofertado pola Consellería; e temos unha contratación dunha empresa privada para outras necesidades e reparacións: RED TIREL.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	3.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.6				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4				
	Alumnado	3.8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado	4				

### Test CDD: Resumen dos datos recollidos

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	90%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	=	=	=

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	75,3	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	79	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	=	=
A2	5	38,5%
B1	5	38,5%
B2	3	23,1%
C1	=	=
C2	=	=
<b>TOTAL</b>	<b>13</b>	<b>100,10%</b>

Para a realización da Análise DAFO, contamos tamén con enquisas ás familias e reunións do equipo TICs, onde se atopa un membro de cada ciclo e un membro do equipo directivo, de tal forma que os debates realizados para a realización do citado TEST recollen información sobre as necesidades, debilidades, fortalezas e ameazas, tendo en conta as diferentes perspectivas da comunidade escolar.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa infraestrutura</li> <li>Dispoñemos de dispositivos dixitais para a ensinanza</li> <li>Bo acceso a internet</li> <li>Dispoñemos de asistencia técnica ante problemas coa tecnoloxía dixital</li> <li>Existen sistemas de protección de datos</li> <li>Temos dispositivos dixitais a disposición do alumnado para a aprendizaxe.</li> <li>Temos dispositivos dixitais que o alumnado pode levar a casa cando é necesario.</li> <li>Brecha dixital: medidas para identificar retos.</li> <li>Dispoñemos de espazos físicos que facilitan a ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Tecnoloxías asistenciais para ACNEAE.</li> <li>Emprego de servizos dixitais educativos corporativos.</li> <li>Fomento do emprego de software libre</li> <li>Equipamento informático propio</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Brecha dixital: apoio para abordar retos (non temos un plan xeneral para axudar aos profesores a afrontar os desafíos da aprendizaxe mixta).</li> <li>Está en proceso a posta en marcha da biblioteca en liña, aínda que o alumnado dispón de materiais de ensinanza e aprendizaxe nas aulas virtuais.</li> <li>Equipos dixitais insuficientes</li> <li>Material tecnolóxico que non funciona correctamente, como os EDI.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>Bo desenvolvemento da estratexia dixital co profesorado</li> <li>Participación para o desenvolvemento profesional continuo relativo á ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Intercambio de experiencias apoiado por el equipo directivo.</li> <li>Busca de recursos dixitais en liña.</li> <li>Creación de recursos dixitais</li> <li>Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</li> <li>Utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</li> <li>Uso de recursos educativos abertos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Pouco uso das ferramentas dixitais para a avaliación do progreso</li> <li>Pouco uso das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</li> <li>Pouco uso das tecnoloxías dixitais para a autorreflexión sobre a aprendizaxe do alumnado.</li> <li>Pouco uso das tecnoloxías dixitais para comentarios entre o alumnado sobre o seu traballo.</li> <li>Escaso uso da avaliación dixital</li> <li>O profesorado carece de tempo para desenvolver material para a aprendizaxe.</li> <li>Tempo insuficiente para dar retroalimentación ao alumnado mediante tecnoloxías dixitais.</li> </ol>

		<p>9. Adaptación ás necesidades do alumnado</p> <p>10. Realización de actividades que fomentan a creatividade</p> <p>11. Realización de actividades que fomentan a implicación do alumnado.</p> <p>12. Uso das tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>13. Fomento da participación do alumnado en Proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>14. Facilita ao alumnado as tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.</p> <p>15. Empleo de datos dixitais para mellorar a aprendizaxe.</p> <p>16. Valoración das capacidades desenvoltas fora do centro educativo.</p> <p>17. Uso das tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado.</p>	
	<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	1. Bo intercambio de experiencias para atender ao alumnado.	
	<b>ALUMNADO</b>	<p>1. Aprendizaxe e comportamento seguro en internet.</p> <p>2. Actúa de maneira responsable en internet.</p> <p>3. Verifica a calidade da información</p> <p>4. Outorga recoñecemento ao traballo dos demais.</p> <p>5. Aprende a crear contidos dixitais.</p> <p>6. Aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>7. Aprende e dispón de habilidades dixitais para diferentes materias.</p>	<p>1. Falta de tempo para a aprendizaxe da programación e codificación</p> <p>2. Aprendizaxe para resolver os problemas técnicos que poden xurdir ao utilizar tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. Pouco uso das tecnoloxías dixitais fora do centro con fines de aprendizaxe.</p> <p>4. Pouco uso da tecnoloxía no fogar para as tarefas escolares.</p>
	<b>FAMILIAS</b>	<p>1. Bo acceso xeral a dispositivos fóra do centro escolar.</p> <p>2. Posibilidade de acceso a internet</p>	<p>1. Pouco uso do abalarMovil (Non o consideramos necesario)</p> <p>2. Non temos constancia do nivel da competencia dixital que teñen as familias.</p>
	<b>OFERTA</b>	<p>1. Comedor escolar</p> <p>2. Transporte</p> <p>3. Equipos tecnolóxicos para o alumnado que carece dos mesmos.</p> <p>4. EDIXGAL</p> <p>5. DigiCraft</p> <p>7. Programa de robótica en primaria.</p> <p>8. Divulgación das actividades a través de redes sociais para coñecemento das familias</p>	<p>1. Poder ofertar máis recursos</p> <p>2. Formación para as familias.</p>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1. Boa estratexia Dixital</p> <p>2. Novas modalidades de ensinanza a través das TICS</p> <p>3. Coñecemento e respecto polas normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso.</p> <p>4. Colaboracións con outras entidades a través das tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. Debates sobre o uso da tecnoloxía.</p>	<p>1. Tempo para explorar a ensinanza dixital</p> <p>2. Sinerxías para a aprendizaxe mixta (colaboración con centros y/o organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais)</p> <p>3. Falta de tempo para intercambiar experiencias dixitais de aprendizaxe.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>1. Oferta programas educativos que promoven a dixitalización dos centros</p> <p>2. Oferta de cursos e concursos de formación para o profesorado.</p>	<p>1. Falta de fondos para renovar e mercar equipos dixitais</p> <p>2. Achegas económicas que recibe o centro.</p> <p>3. Estabilidade laboral do persoal docente.</p> <p>4. Insuficientes sistemas de protección de datos</p> <p>5. Falta de tempo para que os profesores preparen as clases e reciban formación.</p> <p>6. Falta de tempo para o desenrolo de material dixital para a aprendizaxe.</p>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<p>1. Recolle a competencia dixital dentro do currículo</p> <p>2. Existencia dun Plan de Formación do Profesorado no Centro.</p>	1. Non recoñece nin recolle o tempo que o profesorado se forme, actualice e utilice as tecnoloxías dixitais dentro da xornada laboral.
	<b>ANPA</b>	<p>1. Colabora con actividades co centro.</p> <p>2. Participación das familias</p>	
	<b>CONTORNA</b>	1. Apoio das entidades locais.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Apoio o desenrolo das novas tecnoloxías na educación	



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise do DAFO, elaborouse un plan de acción para a mellora da competencia dixital do centro. Para a realización desta análise o equipo TIC en reunión co claustro do profesorado establecemos obxectivos para o curso 2022-2023, que nos permitan mellorar debilidades do centro, compensar ameazas, e polo conseguinte incrementemos as fortalezas apoiados polas oportunidades que nos brinda o noso entorno educativo.

Por elo, establecemos áreas prioritarias e determinamos obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, que queremos conseguir o vindeiro curso en concreto, e prolongar aos seguintes. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Así mesmo nos plans de accións indicamos valores de partida e de chegada, que nos permiten valorar o grado de consecución dos obxectivos, así como definimos as accións para poder conseguilos, os responsables dos mesmos, unha temporalidade para cada un e os recursos necesarios; sempre de forma consensuada e debatida.

**Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa** que recolle esta información. A mesma táboa empregarámola para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Aulas dixitais: Temos 5 aulas con EDI Smart pero dan moitos problemas de calibración así que non resultan moi operativas; tal vez, sería máis interesante dotar ó centro de pantallas interactivas.
- Proxecto educación dixital E-Dixgal: temos dotadas dúas aulas con este material e o profesorado que imparte nel. O único que non resulta útil é o taboleiro dixital.
- Postos traballo de xestión e administración centro: Necesitamos un equipo de sobremesa para uso exclusivo de secretaría posto que ao só ter un o empregan tamén outras mestras.
- Uso na biblioteca: sería preciso mellorar a velocidade e capacidade dese equipo pois é moi lento. Precisamos un lector de códigos de barras.
- Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: temos un equipo obsoleto. Sería interesante mellorar con algún equipo máis.
- Equipos ultrapotátiles para aula móbil (con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos).
- Aula de informática: sería interesante dotar cunha impresora de cor EcoTank ou similar; é dicir, con consumibles económicos.
- Para a creación da aula específica dixital precisaremos algún equipo específico para programar robots, para a posta en marcha da radio na escola e para investigación.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	CREAR UNHA AULA ESPECÍFICA DIXITAL, TECNOLÓXICA E DE EXPERIENCIAS CREATIVAS				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TICS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Registro do equipamento da aula tecnolóxica a través dunha folla de registro					
<b>Valor de partida: (3)</b>	SEN REXISTRAR					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	10 sesións por curso.			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACION DA ACCION (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: ADAPTAR O ESPAZO	Xefa de estudios Coordinadora TIC	30.12.2022	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elementos insonorización aula.</li> <li>• Cámara vídeo</li> <li>• Equipo Chroma</li> <li>• Robots, impresora 3D</li> <li>• Tablets, material DigiCraft.</li> <li>• Radio</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: CONSEGUIR FINANCIAMENTO	Directora	20.06.2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación en proxectos e plans da consellería ("polos creativos" "radio na biblio", "cooperativismo na escola"</li> <li>• Comunidade educativa</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: INSTALAR O EQUIPAMENTO	Coordinadora TIC	30.06.2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Equipos</li> <li>• Informático do centro</li> <li>• Radio</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: F. PEDAGOXÍA - IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Aumentar o emprego dos recursos tecnolóxicos do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TICS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Rexistrar o uso dos recursos tecnolóxicos do centro por curso.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	3 sesións curso					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	15 sesións curso			30 de xuño de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACION DA ACCION (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: FORMACIÓN DO PROFESORADO	Coordinación TICS	20.06.2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>Relatores.</li> <li>Equipos informáticos</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: GRUPO DE TRABAJO POR CICLO PARA CREAR ACTIVIDADES E PROXECTOS	Coordinador de ciclo	20.06.2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>Participación en proxectos e plans da consellería ("polos creativos" "radio na biblio", "cooperativismo na escola"</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: REXISTRO DO NÚMERO DE SESIÓN NAS QUE CADA AULA EMPREGA ESTES RECURSOS.	Titor/a cada curso Coordinadora TIC	30.06.2023	<ul style="list-style-type: none"> <li>Horario de reserva de material</li> </ul>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, rexerase polo seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Para a avaliación do plan terase en conta a consecución dos plans de acción e a revisión anual da matriz DAFO.

#### 5. Difusión do plan

Para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa, presentarase e aprobarase dito documento no claustro e consello escolar, así como estará a disposición de toda a comunidade educativa en formato dixital na web do centro, e en formato físico na secretaría do mesmo.